



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 9/03/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 23/02/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 23/02/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 23/02/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

2.1) LICENZA DE EDIFICACIÓN



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A) EXPEDIENTE: 2022/U022/000005

Visto o escrito presentado co número 2022/999/00000147 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 3/02/2023, por Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega, en representación de Patricia Soto Insua, ao que achega Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 1.413 Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega e título "REFORMADO DE PROXECTO DE EXECUCIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR PARA GARAXE" visado no Colexio correspondente o día 27 de Xaneiro de 2023 co número 2300303; así como os nomeamentos da dirección da obra e coordinador de seguridade e saúde.

Visto o informe favorable emitido o día 24/02/2023, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local na sesión de 7/09/2022, acordou conceder licenza a Patricia Soto Insua, licenza para a construción auxiliar para garaxe, en base ao proxecto básico, sen visar, de data febreiro de 2022, redactado polo arquitecto Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega, Colexiado número 1413 do COAG.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 1.413 Juan Antonio Rebolledo Inchaurrega e título "REFORMADO DE PROXECTO DE EXECUCIÓN DE EDIFICACIÓN AUXILIAR PARA GARAXE" visado no Colexio correspondente o día 27 de Xaneiro de 2023 co número 2300303 (Referencia Catastral número 15038A021012380000FH e 15038A021012450000FY), debendo ter en conta, en todo caso, ademais do xa indicano na concesión da licenza:

1. Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a alineación e rasante da edificación proxectada. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

2. Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarse a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes. Co fin de garantir a reposición do firme presentarse ante o Concello de Fisterra unha fianza de 500 €.

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2022/U022/000005
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 9/03/2023
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo de Núcleo Rural Común.
- PROMOTOR: D^a Patricia Soto Insua
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Juan Antonio Rebolledo Inchaurreaga, colexiado nº 1413 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: D^a Patricia Raiño Martina colexiada nº 2663 do COATAC.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
- USO: GARAXE
- PRAZO MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

2.2) LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN

A) EXPEDIENTE: 2023/U007/000004

Visto o escrito presentado co número 2023/999/0000210 e 2023/999/0000229 (RTE) de 1/03/2023 e 8/03/2023 respectivamente, por María Pilar Castreje Estévez, na que aporta documentación coa finalidade de solicitar a licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar.

Considerando: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 18/06/2020 outorgou licenza urbanística para a rehabilitación dunha edificación para uso hoteleiro, segundo o Proxecto Básico redactado polos arquitectos Juan Creus Andrade Nº. Col. 1687 do COAG e Covadonga Carrasco López Nº. 3375 do COAG, de data xaneiro de 2020, que obra no expediente.

Considerando: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 21/01/2021, aprobou o Proxecto de Execución, para a Rehabilitación dunha Edificación para Uso Hoteleiro, Referencia Catastral número 8607505MH7580N0001LT).

Considerando: Que no expediente consta:

- Certificado final de dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente realizado polos arquitectos Juan Creus Andrade, colexiado nº 1687e Covadonga Carrasco López, do COAG 3375AT, visado no colexio correspondente do 2/03/2023.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, subscrito pola Dirección Facultativa da obra acompañado pola cualificación da eficiencia enerxética.

- Xustificación de alta en catastro.

- Informe favorable, xustificativo dos requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir das medicións realizadas nos locais en que se pretende desenvolver a actividade.

Considerando: Que no expediente consta informe favorable emitido o pasado 8/03/2023 polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que da visita de inspección realizada o día 08/03/2023, compróbase que a obra axústase ao proxecto presentado e que obtivo licenza.

Considerando: Que no expediente consta informe xurídico favorable de data 8/03/2023 emitido por Gloria Zúñiga Rial, Administradora Única de Galivalia Consulstgo, S.L., con quen este concello ten subscrito contrato de prestación de servizo de asesoramento técnico xurídico.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARÍA PILAR CASTREJE ESTÉVEZ, Licenza de Primeira Ocupación dunha Edificación para uso Hoteleiro, (Referencia Catastral 8607505MH7580N0001LT); xa que se axusta ao proxecto presentado co que obtivo licenza.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

2.3) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2022/U026/000093

Visto o escrito co número 2022/000/00001256 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/07/2022, presentado por Leoncio Domínguez López, de comunicación previa de obras consistentes, no repicado e lavado de fachada principal da vivenda, deixando á vista a pedra existente na mesma vila (Referencia Catastral número 8704015MH7580S0002JF).

Vista a acta de comprobación documental de data 12/07/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que debe solicitarse autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando que co número 2022/000/00000452 (RS) de 15/07/2022, dirixese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Xunta de Galicia solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000453 (RS) de 15/07/2022, dirixese oficio Leoncio Domínguez López, á que se lle comunica que foi solicitado informe ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Así mesmo, que separalizan os prazos ata que se reciba o correspondente informe sectorial.

Considerando que con data 14/02/2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, informa favorablemente as obras pretendidas na vivenda, coas condicións que se indican no punto 2.2. da Resolución.

Vista a acta de comprobación documental de data 24/02/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a LEONCIO DOMÍNGUEZ LÓPEZ, o título habilitante para a realización das obras consistentes no repicado e lavado de fachada principal da vivenda, deixando á vista a pedra existente na mesma, debendo cumprir as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- "Posto que o inmovible data do ano 1900, segundo a referencia catastral, débese ter especial atención no picado das pezas de cantería que enmarcan os ocos das fiestras e das portas para a súa conservación.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2022/U026/000105

Visto o escrito co número 2022/000/00001464 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/07/2022, presentado por Marina Quintas Priegue, de comunicación previa de obras consistentes, na retirada da plaqueta do balcón, colocación de lámina de aluminio na viseira do mesmo e pintado da fachada da terraza en cor branco, nunha vivenda (Referencia Catastral número 8607409MH7580N0001TT), con ocupación de vía pública con andamios.

Vista a acta de comprobación documental de data 3/08/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

que debe solicitarse autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considerando que co número 2022/000/00000514 (RS) de 4/08/2022, dirixese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural Xunta de Galicia solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000515 (RS) de 4/08/2022, dirixese oficio Marina Quintas Priegue, á que se lle comunica que foisolicitado informe ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Así mesmo, que separalizan os prazos ata que se reciba o correspondente informe sectorial.

Considerando que con data 24/02/2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, informa favorablemente as obras pretendidas na vivanda.

Vista a acta de comprobación documental de data 2/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARINA QUINTAS PRIEGUE, o título habilitante para a realización das obras consistentes, na retirada da plaqueta do balcón, colocación de lámina de aluminio na viseira do mesmo e pintado da fachada da terraza en cor branco, nunha vivanda; co ocupación de vía pública con andamios.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2023/U026/000023

Visto o escrito co número 2023/000/00000394 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 24/02/2023, presentado por José Lago Castreje, de comunicación previa de obras consistentes na demolición dun tabique interior da vivanda, (Referencia Catastral número 8606506MH7580N0001MT).

Vista a acta de comprobación documental de data 1/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a José Lago Castreje, o título habilitante para a realización das obras consistentes na demolición dun tabique interior da vivienda.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2023/U026/000024

Visto o escrito co número 2023/000/00000395 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 24/02/2023, presentado por Carmen Mariño López, de comunicación previa de obras consistentes na substitución da tella deteriorada por outra nova, na vivenda, (Referencia Catastral número 8608702MH7580N0001TT).

Vista a acta de comprobación documental de data 1/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Carmen Mariño López, o título habilitante para a realización das obras consistentes na substitución da tella deteriorada por outra nova, nunha vivienda.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E) EXPEDIENTE: 2023/U026/000025

Visto o escrito co número 2023/000/00000401 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 24/02/2023, presentado por Fernando Benlloch López, de comunicación previa de obras consistentes na demolición do falso teito dun local



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

(Referencia Catastral número 8700801MH7580N0001TT), coa instalación dun colector de obra na vía pública.

Vista a acta de comprobación documental de data 2/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a Fernando Benlloch López, o título habilitante de comunicación previa de obras consistentes na demolición do falso teito dun local

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

F) EXPEDIENTE: 2023/U026/000026

Visto o escrito co número 2023/000/00000419 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/02/2023, presentado por María Victoria Domínguez Insua, de comunicación previa de obras consistentes na limpeza, reparación de gretas e pintado en cor branco as fachadas dunha edificación, (Referencia Catastral número 8608702MH7580N0001TT).

Vista a acta de comprobación documental de data 8/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa, cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a María Victoria Domínguez Insua, o título habilitante para a realización das obras consistentes na limpeza, reparación de gretas e pintado en cor branco as fachadas dunha edificación.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1) OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

TERRAZAS

A) EXPEDIENTE: 2022/V013/000014

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000462 (RTE), de data 14/06/2022, por María Engracia Balayo Caamaño, en representación de María Begoña Quintas Insua, no que peticona autorización para ocupar 42 metros cadrados da vía pública, con 8 mesas e 32 cadeiras para darservizo ao café bar que rexenta nesa zona, durante a tempada de 2022.

Visto que co número 2022/999/00000557 (RTS) de 11/07/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, solicitando o correspondente informe sectorial.

Visto que con data 8/02/2023 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a instalación dunha terraza do Bar “O Rincón”.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/06/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 9/03/2023, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

“Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas pro cada 4 m2 (zoa de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 42 persoas.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por María Begoña Quintas Insua, e autorizar a ocupación de 42 m2 da vía pública na, con 8 mesase 32 cadeiras, delimitado con postes de madeira sen ancoraxe ao pavimento, unidos por unha corda, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/03 ao 30/10/2022(ámbolos dous incluídos) condicionada a:

- Non se disporán toldos nas fachadas da edificación.
- Como requisito de integración ambiental na contorna, aceptárase o emprego de materiais de madeira tratada, plástico cun tratamento, deseño e calidade acorde cun



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ámbito cultural, ferro, aceiro e aluminio mate sen, en ningún caso, brillos, para evitar a perturbación de escintileos e brillos. En ningún caso se acepta o aluminio sen tratamento mate nin tampouco plásticos básicos sen elaboración por razóns estéticas que desmerezan da dignidade do contorno.

- Respecto das proteccións laterais da terraza, son elementos engadidos que poden xerar impacto visual. Dada a súa obrigatoriedade pola normativa do Concello de Fisterra, procurase que estes elementos se integren no contorno e sexan o máis sinxelos posible e de cores neutras. Por isto semellan axeitadas as proteccións laterais de postes de madeira e cordas.

- As antucas ou parasois serán de quitar e poñer, facilmente desmontables, textís. Elixirase a cor entre os tons brancos, beixe ocres claros ou grises claros.

- Garantirase o tránsito normal de peóns e a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida (Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia).

- A colocación de mesas e cadeiras terá un carácter provisional e nun horario propio da actividade á que sirvan. Por tal motivo serán recollidas e almacenadas nun lugar que non impida e deturpe a apreciación desde o espazo público nin a do propio conxunto edificado, polo que non poderán ser autorizadas se non existen garantías para unha almacenaxe axeitada.

- Así mesmo, a súa disposición farase de xeito ordenado e sistemático, coherente co espazo público dispoñible en proporción á fronte dos locais e distribuídas de forma homoxénea e coas folgas suficientes para o seu normal funcionamento sen perturbar o uso da vía pública.

- A instalación das terrazas e o seu uso e funcionamento deberán garantir as axeitadas condicións de ornato público polo que ademais das cuestións de material, deseño, colocación e orde de aquelas deberase evitar a instalación de elementos complementarios como paneis, atrás, pósters ou elementos que perturben ou dificulten a visión de conxunto e o tránsito normal.

- Os elementos das terrazas non conterán publicidade segundo se establece no art. 16.1.b da Ordenanza municipal reguladora das terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais (publicada no BOP da Coruña núm. 154 do 14/08/2012). E os extremos das patas irán provistos de gomas ou neoprenos para minimizar o ruído de arrastre destas, segundo o art. 16.2.b da antedita Ordenanza municipal.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2023/V013/000001

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2023/000/00000423 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 1/03/2023, por ETEL & PAN, S.C., con CIF: J-70.452.842, no que peticona autorización para ocupar 26 metros cadrados (6,5 x 4) da vía pública da



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

con 7 mesas e 26 cadeiras para dar servizo ao café bar que rexenta nesa zona, durante a tempada de 2023.

RESULTANDO: Que este uso está permitido pola Ordenanza municipal que regula as terrazas asociadas a establecementos hoteleiros, hostaleiros e comerciais aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión de 5/06/2012 e publicada no BOP número 154 de 14/08/2012.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 9/03/2023, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende:

“Que por aplicación do artigo 14,5 da ordenanza municipal reguladora das terrazas, a ocupación destinada a terraza, como criterio xeral, poderá acadar unha densidade máxima de 4 persoas pro cada 4 m2 (zona de paso incluída). Neste caso poderíase autorizar un máximo de 26 persoas.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por ETEL & PAN, S.C., e autorizar a ocupación de 26 m2 (6,5 x 4) da vía pública, con 7 mesas e 26 cadeiras, delimitado con postes de madeira ancorados ao pavimento unidos por unha corda de nilon de 20 mm, coa finalidade de dar servizo ao establecemento público destinado a CAFE BAR que rexenta nesa zona, durante a tempada que vai do 1/03 ao 30/10/2023 (ámbolos dous incluídos) condicionada ao establecemento da rúa peonil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.2) SUBVENCION PARA FESTEXOS POPULARES

A) EXPEDIENTE: 2023/U029/000004

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000223 (RTE) de 6/03/2023 por MANUEL MARIÑO LOPEZ, en representación da COMISION DO CARMEN E SANTA MARIA DE FISTERRA, con CIF: G-70.432.836, no que peticona unha axuda económica para sufragar parte dos gastos derivados da celebración dos festexos do Santo Cristo e da Semana Santa, que se celebrarán os días 8, 9 e 10/04/2023 na zona portuaria desta vila.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder á COMISION DO CARMEN E SANTA MARIA DE FISTERRA, con CIF: G-70.432.836, unha axuda económica por importe de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), para sufragar parte dos gastos ocasionados co motivo da celebración das festas en honor ao Santo Cristo e da Semana Santa de Fisterra, os días 8, 9 e 10/04/2023, con cargo á aplicación orzamentaria 338/480.00.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que para percibir a cantidade subvencionada, deberá presentar as xustificacións correspondentes establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas nos festexos en honor ao Santo Cristo e da Semana Santa de Fisterra - ano 2023.
- Xustificación de gasto por importe de 25.000,00 €
- Declaración de que non recibe outras subvencións ou axudas doutros organismos ou institucións, para os mesmos fins que os desta subvención.
- Certificado de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia.

3.3) HORARIO ESPECIAL PARA FESTEXOS

EXPEDIENTE: 2023/U029/000004

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000223 (RTE) de 6/03/2023 por MANUEL MARIÑO LOPEZ, en representación da COMISIONDO CARMEN E SANTA MARIA DE FISTERRA, con CIF: G-70.432.836 e domicilio a efectos de notificacións telemáticas a través do mail, no que con motivo da celebración dos festexos en honor ao Santo Cristo de Fisterra, solicita a ampliación do horario de peche para os días 8, 9 e 10/04/2022.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por MANUEL MARIÑO LOPEZ, en representación da COMISION DO CARMEN E SANTA MARIA DE FISTERRA, con CIF: G-70.432.836, e autorizar a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do espectáculo público da festividade do Santo Cristo de Fisterra, que se realizará na zona Portuaria desta vila, os días 8, 9 e 10/04/2022.

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 4:00 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de finalización do espectáculo queda establecido nas 6:30 horas. A esta hora iníciase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.4) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000407 (RE) de 27/02/2022, por L. D. F., no que solicita unha axuda económica para adquisición dunhas gafas.

Visto o informe de data 27/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a L. D. F., unha axuda económica de cincocentos euros (500,00 €), para a adquisición de gafas graduadas.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000408 (RE) de 27/02/2022, por A. I. E. G., no que solicita unha axuda de emerxencia social para adquirir equipamento básico.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 27/02/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única para este concepto.

Considerando, que no expediente consta Orzamento de 24/02/2023 emitido por Hnos. Leston, S.L., de adquisición dunha lavadora, por importe de douscentos noventa euros e corenta céntimos (290,40 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) A. I.E. G.,

2º) Aceptar o orzamento de 24/02/2023, e recoñecer o gasto a favor de Hnos. Lestón, SL, con CIF: B-15.705.999, por importe de douscentos noventa euros e corenta céntimos (290,40 €), polo subministro dunha lavadora, con destino á vivenda de A. I. E. G.,

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:50 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.